

MAR DA LIBERDADE, MANUEL ANTONIO

IV

As metáforas do mar: a liberdade

A metáfora sempre se atopa no seu sitio, ou sexa, no lugar do outro que se ofrece, referente ou non, como máscara, vía rexia que nos conduce ineludiblemente á autenticidade.

É en *De catro a catro* "onde nos ofrece toda unha visión da vida a través da metáfora do seu mar, dun mar abstracto ata entón descoñecido na poesía galega" (A. Tarrío, 1990:124). "Un mar abstracto e eterno, recoñecible pola súa esencia. É, en definitiva, O Mar" (A. Tarrío, 1990:125).

"Mar e morte, morte e mar son es temas do noso poeta". E é "que o rianxeiro descobre que a vida dese mar, a mesma vida da image dese mar non vive nen antes nen despois, senón no mesmo momento que os seu ollos a compoñen" (Anjo A. Guerra e J. Ramón Pena, 1979:17). Manoel Antonio sèrvese "para a exteriorización da súa experiencia, da paisaxe mariña; posesiónase da mesma, proxectando nela todo o sentimento e a vivencia propia" (Molina, C. A., 1983:64). "A distancia entre o suxeito-poeta-narrador e o obxecto-paisaxe-ambiente desaparece, o obxecto reflicta o estado anímico do poeta" (Molina, C.A.,1983:64). Ou, na advertencia de Xosé Luís Axeitos (1992: XVIII) "as arelas de liberdade de Manoel Antonio ilimitadas, non cabían no ritual culturalista da *Irmandade* e foron en procura de máis amplios horizontes. Tampouco será a fe que manifeste no anarco-sindicalismo o espacio definitivo. Non, será unicamente a poesía, concibida con paixón, a que lle proporcione acougo. E por iso elixe un ámbito espacial case cósmico: o mar; o poeta rianxeiro non é un poeta do mar, é o poeta da liberdade; o mar axúdalle a expresala":

por que algo foi que se me perdeu n-o Mar

("Adeus", p.135)

O mar e a noite, que nos fan proclives ao recollemento e á contemplación interna, á reflexión sobre nós mesmos, á reflexión, máis do que pode ofrecernos o día, a luz do día, que encalma o espírito e dilúe ao home na claridade cegadora e enganadora dun

flash, a noite e o mar que permite un silencio co que concentrarse na posibilidade de
soños e ensoños, conxunción de fantasía e onirismo, por onde agromará a verdade.

V

Soidade e liberdade

Fomos ficando sós

o Mar o barco e mais nós

Manuel Antonio

O mar auténtico, o gran Mar, é o lugar para experimentar a exclusión en forma de soidade cósmica, onde "descubrir que estamos sós no universo", ao dicir de Octavio Paz (1990:42), en comunión co propio cosmos nunha levitación reflexiva; reflexionar, para sentirse a si mesmo, sentirse *un*, como individuo, na pequenez partícula oceánica, e na grandeza reflexiva ao ser, como ser, para os demais, sempre e máis despois.

Encheron-nos o vaso

con toda a auga d'o Mar

pra compor un cock-tail de horizontes

("NAVY BAR", p.119)

Ser co mundo excluínse (os outros son os doentes, os presos, os enganados, os malos; se os demais son parvos quer dicir que eu son listo) para dese xeito, na distancia da reflexión solitaria de poeta, que é outra ben distinta que a lóxica dos chamados científicos, sentirse incluído no mundo (o mundo dos homes, o mundo identificador, ese é o meu mundo, este é o noso mundo), constatando así o meu, a miña identidade e, polo tanto, a dos outros.

A noite aparece como entidade viva, como unha aparecida cargada de sons e de luces, tal como sucede nos chamados festivais de luz e son, que para magnificárense precisan da escuridade e da soidade da noite e así ofrecérense co máximo esplendor. A luz mata a luz. Só a noite permite, dá permiso coma o pai ao adolescente cando pide para saír máis aló do establecido, só a noite escura, digo, pode instalar grandeza á lapa dun misto acendido. O día, a claridade do día, será o pano onde enxugar a mágoa do ceo, a bágoa e a auga toda dos *océanos*. A noite de soños e de medos, lugar de reflexión e

contemplación activa, comunión co risco de romperse coa chegada, co romper dun *novo día*. Ruptura que non é tal senón sinal da mesma enteiraza coa que se pode entender a unidade. Se algo pode romper é en tanto ese algo é un enteiro, un todo. E nós, co poeta, co seu libro diante, somos un todo no intre en que estamos a chorar ao reverso da noite antes do *Adeus*, porque "o libro vincula-nos" (Edmon Jabés, 1990:77). Despois chega o día e con él a despedida.

Segundo afirma Anxo González e X. Ramón Pena (1982:28) Manuel Antonio "non participa dunha arte deshumanizada, porque posuí unha preocupación ontolóxica, unha dimensión existencial", e que o "sitúa no camiño dunha poesía existencialista, chea de dimensións humanas e na procura da definición máis exacta do ser -do SER- a través dun constante inquérito ao Mar, que é a propia vida de Manuel Antonio, e todos nós" (*Ibidem*, p.28).